

## **CONVOCATORIA DO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL EN DETERMINADAS UNIDADES DE COMPETENCIA DO CATÁLOGO NACIONAL DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS**

O obxecto da acreditación é a de recoñecer e avaliar as competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación.

As unidades de competencia e o número de prazas, obxecto desta convocatoria, son as recollidas no **anexo I** da Orde do 29 de decembro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 10/01/2018).

**PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: o prazo para presentar solicitudes remata o 26 de xaneiro.**

A solicitude deberá ser cuberta e xerada pola aplicación informática que se atopa no enderezo <http://www.edu.xunta.es/acreditacion> que logo se imprimirá para a súa presentación, na secretaría dos centros onde se vaia desenvolver o proceso (relación centros no Anexo II da orde).

### **REQUISITOS XERAIS:**

- Posuír a nacionalidade española, dispor do certificado de rexistro de cidadanía comunitaria ou da tarxeta de familiar de cidadán da U. E., ou ser titular dunha autorización de residencia ou de residencia e traballo en España.
- Ter **18 anos** cumpridos no momento de realizar a inscrición, para unidades de competencia correspondentes a cualificacións de **nivel I**, e ter **20 anos** para as unidades de competencia de **nivel II e III**.
- Ter **experiencia laboral e/ou formación** relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar:
  - **Experiencia laboral:** xustificar polo menos **3 anos**, cun mínimo de **2.000 horas** traballadas en total, nos últimos **10 anos**, para unidades de competencia de **nivel II e III**. Para unidades de competencia de **nivel I**, xustificarán polo menos **2 anos** cun mínimo de **1.200 horas** traballadas en total.
  - **Formación:** xustificar polo menos **200 horas** para unidades de competencia de **nivel I**, ou **300 horas** para as unidades de competencia dos **niveis II e III**, nos últimos **10 anos**.
- As persoas candidatas **non poderán estar matriculadas nin cursando** simultaneamente un **curso de formación profesional inicial** (ordinaria ou modular), **nin para o emprego** conducente á acreditación das unidades de competencia en que soliciten a súa inscrición.
- Tampouco poderán estar en posesión dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que conteña a/as unidade/s de competencia que solicita. Tampouco

estar inscritas noutro procedemento de recoñecemento de experiencia profesional, ou probas libres para a obtención do título de FP.

- **As persoas maiores de 25 anos** que cumpran os requisitos de experiencia laboral ou formativa e non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados, poderán solicitar a súa **inscrición provisional no procedemento**, sempre e cando presentaran a xustificación mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou das aprendizaxes non formais de formación.

**PUBLICACIÓN:** DOG do 10 de xaneiro de 2018

**Máis INFORMACIÓN** en [www.edu.xunta.es/fp/acreditacion](http://www.edu.xunta.es/fp/acreditacion) ou contactar coa Orientadora Laboral no teléfono 981 851 094 ou na Rúa da Capela nº 13 1º andar (mércores, xoves e venres)